

PREGUNTA DE AER RELATIVO A VAROS ASUNTOS. (Rex. Entrada 24.10.2017, 2017-E-RPLN-6).

PLENO 26 OUTUBRO DE 2017. ACTA 012/2017

2) Sobre convocatoria do consello forestal

Despois do acontecido o pasado domingo 15 de outubro, afectando a vaga de incendios ás parroquias de Ventosela e Reboreda e xa transcorrido unha semana e pico.

Preguntamos: En que data se vai convocar o Consello Forestal con todas as comunidades e demais representados, así como a Comisión de interior, no referente aos medios propios de emerxencia e a súa coordinación, para dar conta oficialmente do acontecido en Redondela neste incendio?

A sra. Amoedo resposta que o goberno xa tivo conversas coas dúas comunidades de montes afectadas polos lumes, estiveron as conselleiras de medio rural e de pesca, estivemos observando tamén con técnicos de Lourizán. Nos informaron que neste Consello da Xunta tratarían de levar todas as medidas para tratar de previr e evitar estas situacións, sobre todo tamén co monte privado en man común. No momento que saquen esas ordes convocarase o Consello